

boletín do cesg

Colexio de
Educadores Sociais
de Galicia

Nº28 XANEIRO 2006



Colexio de Educadores Sociais de Galicia

Rúa Gómez Ulla, 7-3º
15702 Santiago de Compostela
cesg@colexioeducadores.com

XVI CONGRESO MUNDIAL DO/DA EDUCADOR/A SOCIAL

Durante os días 15, 16, 17 e 18 de novembro de 2005, celebrouse na cidade de Montevideo (Uruguai) o XVI Congreso Mundial de Educadores e Educadoras Sociais, sen dúbida o evento internacional máis importante para a Educación Social que por primeira vez se celebraba nun país dos denominados “en vías de desenvolvemento” baixo o título “Educación Social: Inclusión e participación, desafíos éticos, técnicos e políticos”.

E alí estaba eu,... no sei cómo, nin de qué maneira, me embarcara en semellante aventura, pero non quería perderme esta oportunidade de empaparme de Educación Social; así que soa, despois de máis de 22 horas de viaxe, exhausta e sen maleta (perdeuse no mundo), cheguei a Montevideo,... cidade viva, sucia, culta, caótica, dinámica, ... onde viven e conviven millón e medio de persoas, dos tres millóns de habitantes que poboan o Uruguai.

ASEDES encargouse de ubicar a case todos os españois, (“gallegos” coa “ll” fonema /x/, como nos denominan en Montevideo), no mesmo hotel. A maioría educadores e educadoras cataláns, tamén valencianos, aragoneses, mallorquinos, canarios, casteláns, andaluces e unha galega (“das de verdade, ven da Galicia”, como me presentaban os uruguaios). Algúns dos compañeiros levaban días na cidade e xa estaban familiarizados e adaptados ao seu ritmo e costumes, aos seus olores e sabores, así que fixeron de guías improvisados para os recén chegados.

E o día 15 deu comezo o gran evento, máis de 800 inscritos de todo o mundo romperon as previsións e desbordaron á organización, educadores e educadoras italianos, brasileiros, uruguaios, franceses, estadounidenses, españois, arxentinos, bolivianos, ingleses, suízos, belgas,... Pola mañá, recollemos as acreditacións na Intendencia Municipal de Montevideo, o congreso tiña unha estrutura descentralizada, isto é que os espazos onde había eventos relacionados co mesmo, dispersábanse por todo o centro da cidade, aínda que a sede principal atopábase na Intendencia (un edificio multiusos xigantesco que albergaba, entre outras cousas, o concello da capital), e pola tarde, a 30°C de temperatura, asistimos á inauguración oficial no Salón dos Pasos Perdidos do Palacio Lexislativo, acto que serviu de pistoletazo de saída a catro días de traballo intenso que organizado en mesas redondas, conferencias, obradoiros, comunicacións, grupos de discusión e asembleas marcaron o ritmo dos días posteriores.

Tamén o fútbol, ..., o día 16 retrasábase unha hora o comezo da conferencia da mañá debido a que a selección de fútbol uruguia xogaba a súa presenza no Mundial de Alemaña 2006 fronte a Australia....e perdeu...

Falamos de ética, formación, Paulo Freire, política, inclusión, crise, familias, menores, maiores, medio ambiente, drogas, prácticas socioeducativas, cultura, participación, alfabetización, profesionalización, paz, Europa, boas prácticas, Latinoamérica, dereitos, deberes, valores, identidades, solidariedade,... en definitiva, de Educación Social. Todo ilo acompañado de mate (bebida-infusión nacional), chivitos (unha especie de bocadillos de raxo xigantes que acompañan con “de todo”), tango, candombe, Jorge Drexler e cervexa. Conversacións, debates, discusións, momentos intensos, risas, danza, ritmo, música,... nos unían e reunían. Distintas realidades, culturas, miradas, opinións, situacións,... todo o que nos enriquece.

Podedes baixarvos todas as conferencias, exposicións e case todas as comunicacións na dirección web <http://www.educadoressociales05.org/> clicando en congreso, traballos, conferencistas e no web site <http://congresoeducadores.blogspot.com/>, tedes un pequeno caderno de bitácora moi interesante do evento con outras opinións, miradas e experiencias sobre o congreso.

Quero aproveitar esta oportunidade para agradecer publicamente os esforzos realizados polo CESH, por ASEDES e polo Centro Xerontolóxico de Estancias Diurnas La Milagrosa, por ofrecerme a posibilidade de vivir esta experiencia e dar as grazas a Marisa Yagüe, educadora compañeira de habitación e apoio “loxístico” en Montevideo, sen ela esta viaxe sería para min moito menos agradable.

Paloma Seijo Anca
Educadora Social

ACTUACIÓNS REALIZADAS

- ✓ Recurso de reposición ao Concello de Cabanas contra as bases para a contratación laboral por obra ou servizo determinado dunha praza de educador familiar (BOP de A Coruña nº 291 de 22 de decembro de 2005)
- ✓ Recurso de Reposición ao Concello de Ortigueira contra as bases para a contratación laboral temporal dun animador cultural (BOP A Coruña nº 295 de 27 de decembro de 2005)
- ✓ Recurso de Reposición ao Concello de Nigrán contra as bases específicas para a selección dunha praza de educador/a familiar (BOP Pontevedra nº 1 de 2 de xaneiro de 2006)
- ✓ Recurso de Reposición ao Concello de Sada contra as bases xerais e específicas que rexerán a convocatoria de probas selectivas para a provisión de prazas vacantes incluídas na oferta pública de emprego de 2005. Bases específicas para a cobertura de una praza de animador sociocultural. (BOP de A Coruña nº 6 de 9 de xaneiro de 2006)
- ✓ Recurso de Reposición ao Concello de Camariñas contra as bases que rexerán a convocatoria das probas selectivas para a provisión dunha praza vacante de bibliotecario/a-animador/a sociocultural (BOP A Coruña nº 6 de 9 de xaneiro de 2006)
- ✓ Recurso de Reposición ao Concello de Carnota contra as bases para a contratación por concurso de méritos dun animador cultural (BOP A Coruña nº 7 de 10 de xaneiro de 2006)
- ✓ Escrito á Deputación Provincial de A Coruña en relación á "Convocatoria de programas de apoio á cultura dirixidos a concellos para actividades e investimentos durante o ano 2006" (BOP de A Coruña nº 288 de 19 de decembro de 2005), co obxecto de que cara a vindeiras convocatorias teña en conta que a animación sociocultural é un campo propio da Educación Social.
- ✓ Escrito ao Concello de Laxe en relación coas bases para a provisión en propiedade polo procedemento de concurso-oposición dunha praza de Técnico de Intervención Familiar (BOP A Coruña nº 297 de 29 de decembro de 2005) co obxecto de normalizar a denominación das prazas, considerando á Educación Familiar campo propio da Educación Social.
- ✓ Aportacións á redacción do borrador da Orde pola que se establecen e convocan axudas periódicas de prevención e apoio a familias en situacións carenciais graves para a preservación dos menores no seu entorno, a solicitude da Xunta de Galicia.
- ✓ Sentencia do Xulgado Contencioso Administrativo número un de Santiago de Compostela, na que se declara o dereito dos habilitados/as polo CESG a participar no proceso selectivo dunha praza de Técnico en cultura para o Concello de Lalín (Pontevedra).
- ✓ Resolución do Recurso de Reposición presentado polo CESG contra o Concello de Lugo contra as bases de convocatoria dunha praza de Animador/a Sociocultural. Na resolución admítese o dereito dos habilitados/as polo CESG a participar no proceso selectivo, aínda que non admítese a titulación de Educación Social (ou habilitación) como única e excluínte para acceder á praza.
- ✓ Aprobación en reunión de Xunta de Goberno do CESG de data 23 de xaneiro de 2006 da intención de crear un ficheiro de titularidade pública de Educadores/as Sociais Peritos Xudiciais.
- ✓ Redacción do Regulamento de Réxime interior para a confección das listas de Educadores/as Sociais Peritos Xudiciais.
- ✓ Programación, aprobación e difusión do curso: "O DITAME PERICIAL COMO MEDIO DE PROBA; A SÚA REGULACIÓN LEGAL" que terá lugar na sede do CESG o vindeiro 4 de marzo de 2006.
- ✓ Toma de contacto e personación na elaboración da que será a redacción da Orde de Educadores Familiares que a Xunta de Galicia publicará en 2006.
- ✓ Xestión de traslados de expediente a colexios profesionais de educadores e educadoras sociais do resto do estado.
- ✓ Inicio da tramitación e envío de solicitudes de habilitación ao Col·legi Oficial d'Educadores i Educadors Socials de la Comunitat Valenciana (COESCV).
- ✓ Colaboración na redacción dun artigo sobre "Xuventude e violencia" no xornal "El Progreso", en entrevista concedida a unha redactora.
- ✓ Colaboración na difusión e organización das "Xornadas Técnicas de Xerontoloxía: Intervención social e xeragogía. O papel do/a Educador/a Social", levadas a cabo os días 16 e 17 de xaneiro de 2006 en Ourense polo colectivo *Rueiros*.
- ✓ Tramitación da solicitude á Deputación da Coruña de subvención para equipamento de entidades sen ánimo de lucro, co obxecto de constituir unha aula de formación no CESG.

NOVAS PUBLICACIÓNS DISPONIBLES NA BIBLIOTECA DO CESG

- Libro de actas do *XVI Congreso Mundial de Educadores Sociales. Educación Social: inclusión y participación, desafíos éticos, técnicos y políticos*. (2005) Asociación Internacional de Educadores Sociales (AIEJI – oficina latinoamericana), Asociación de Educadores Sociales del Uruguay (ADESU) e Centro de Formación y Estudios de INAU (CENFORES). (Tamén en formato CD-Rom).
- "Boletín Xove de Información e Emprego Xuvenil". Nº 140. Xaneiro 2006. Xunta de Galicia.
- Revista "Perfiles. Revista general de política social" Nº 216. Xaneiro 2006. ONCE.
- "Directorio de centros". 2º semestre 2005. Xunta de Galicia.
- "Estatística de familias numerosas". 2º semestre 2005. Xunta de Galicia.
- Periódico "EM. Entre Mayores. Hablamos de tí". Ano 6. Nº 53. Xaneiro de 2006.
- "Directorio das oficinas de información xuvenil e para o emprego". 2º semestre 2005. Xunta de Galicia
- "Directorio das fundacións e entidades de iniciativa social". 2º semestre 2005. Xunta de Galicia
- Revista "La voz del aula. Revista del programa de las personas mayores de la Diputación de Valladolid". Nº 63 inverno 2005. Deputación de Valladolid.
- Caderno didáctico: "Habilidades para el desarrollo personal y social II". Deputación de Valladolid.

TEMA DE INTERESE

ASESORAMENTO PARA O AUTOEMPREGO

No mundo laboral actual, a cultura emprendedora xorde como unha das alternativas máis importantes para a inserción laboral, de xeito que está a ser unha das mellores e máis áxiles vías para a consecución de emprego.

Dentro dos ámbitos da Educación Social tamén é posible tomar esta opción, tendo en conta as potencialidades de entidades que ofrecen servizos ás persoas (axuda a domicilio, centros de día, empresas de intervención social, etc.)

No Colexio de Educadores Sociais de Galicia, co propósito de apoiar as iniciativas empresariais e de fomentar o emprego por conta propia como saída laboral, está dispoñible un novo sistema de asesoramento laboral en materia de autoemprego para colexiados/as, que se renovou recentemente co obxecto de optimizar este servizo.

Como novidade, firmouse un convenio coas entidades Xeneme Intervención Social e CIMO, que serán as que exercerán como asesoras. Deste xeito, os/as colexiados/as que estean interesados en recibir asesoramento para a posta en marcha do seu proxecto empresarial, que sexan residentes nas provincias de A Coruña ou Lugo serán atendidos por Xeneme, mentres que os das provincias de Pontevedra e Ourense serano por CIMO. Ambas organizacións contan con experiencia en asesoramento relacionado con proxectos empresariais.

Colexio de Educadores Sociais de Galicia

FORMACIÓN CONTINUA

CURSO DE MEDIADORES/AS SOCIAIS PARA A PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS

Organiza: Askagintza.

Lugar: Bilbao.

Datas: do 25 de febreiro ao 8 de abril.

Máis información: Askagintza

Tel.: 944166992

bizcaia@askagintza.euskalnet.net

www.askagintza.com

CURSOS PARA COLEXIADOS/AS

O DITAME PERICIAL COMO MEDIO DE PROBA, A SÚA REGULACIÓN LEGAL

Organiza: Colexio de Educadores Sociais de Galicia (CESG)

Contido: O curso ten como obxecto fundamental adquirir os coñecementos necesarios para poder desenvolver a actividade de Educador/a Social en calidade de perito.

Lugar: Sede do CESG.

Rúa Gómez Ulla, 7 - 3º. Santiago de Compostela

Data: 4 de marzo. De 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00 h.

Prezo: 40 €. Desempregados: 30 €.

Prazo de inscrición: 20 de febreiro.

Máis información: CESG

www.colexioeducadores.com

FORMACIÓN CON DESCONTOS PARA COLEXIADOS/AS

CURSOS DE I.S. INTERVENCIÓN SOCIAL

1) **CURSO BÁSICO DE INTERV. SOCIOLABORAL** (100 h.) (A distancia)

Especialidades: INMIGRANTES, MULLERES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE. (30 h. c/u)

Prezos das especialidades:	1 especialid.	3 especialid.	Aplicaráselle un desconto do 10% aos/ás colexiados/as do CESG.
Soporte papel	90 €	200 €	
Soporte CD-ROM	70 €	150 €	
Soporte Web	50 €	100 €	

2) **CURSO DE INTERVENCIÓN CON MAIORES** (125 h.) (A distancia)

3) **CURSO DE INTERVENCIÓN CON MENORES** (125 h.) (A distancia)

4) **CURSO DE ADOPCIÓNS E ACOLEMTOS** (125 h.) (A distancia)

5) **CURSO DE VIOLENCIA SOBRE AS MULLERES: ASPECTOS PSICOSOCIAIS E XURÍDICOS** (100 h.) (A distancia)

Organiza: I.S. Intervención Social

Prezo:	Curso nº 1 (sen esp.)	Cursos nº 2, 3 e 4	Curso nº 5
Soporte papel	180 €	240 € c/u	200 €
Soporte CD-ROM	160 €	220 € c/u	180 €
Soporte Web	140 €	200 € c/u	150 €

Aplicaráselle un **desconto do 10%** aos/ás colexiados/as do CESG.

Información: I.S. Intervención Social

C/ Peñalara, 15, baixo esq. 41005 Sevilla.

Tel.: 954 933807 // Fax: 954 933808

formacion@intervencionsocial.com // www.intervencionsocial.com

NOVAS DOS BOLETÍNS

EMPREGO

Concello de Camariñas (A Coruña): Anuncio das bases que rexerán a convocatoria das probas selectivas para a provisión dunha praza vacante de bibliotecario/a-animador/a sociocultural. (BOP de A Coruña de 9 de xaneiro)

Concello de Benatús (Valencia): Resolución pola que se anuncia a convocatoria para prover unha praza. Unha praza de Técnico/a Auxiliar Xestor Cultural. (BOE de 18 de xaneiro)

Concello de Sada (A Coruña): Anuncio de aprobación das bases xerais e específicas que rexerán a convocatoria de probas selectivas para a provisión de prazas vacantes incluídas na oferta de emprego público do concello para 2005. Unha praza de Director/a Casa Cultura; unha praza de Axente de Desenvolvemento Local-Técnico Local de Emprego; unha praza de coordinador do Centro de Formación Ocupacional; unha praza de Animador Sociocultural; dúas prazas de Animador de Tempo Libre. (BOP de A Coruña de 21 de xaneiro)

Mancomunidade de Servizos Sociais e Turismo de Pego, L'Aztuvía e Les Valls (Alicante): Resolución pola que se anuncia a convocatoria para prover unha praza. Unha praza de Educador/a Social. (BOE de 23 de xaneiro)

OUTROS

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: Orden do 20 de decembro de 2005 pola que se convocan as axudas correspondentes ás accións descentralizadas da segunda fase do Programa Sócrates da Unión Europea: (...). Grundtvig 2: Asociacións de aprendizaxe. Grundtvig 3: Mobilidade para a formación do persoal docente e visitas preparatorias. (...) (DOG de 28 de decembro). [O Grundtvig 2 consiste en axudas para a realización de proxectos, dirixidas a asociacións de aprendizaxe para a educación de persoas adultas. O Grundtvig 3 consiste en axudas dirixidas ao/ás educadores/as de adultos para asistir a cursos de formación no estranxeiro].

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: Orde do 30 de decembro de 2005 pola que se establecen axudas para a realización de actividades de alfabetización e formación de adultos na Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2006, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo. (DOG de 10 de xaneiro)

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Orde do 14 de decembro de 2005 pola que se regula o concurso público para a concesión de subvencións a entidades privadas sen fin de lucro para fomentar o uso social da lingua galega. (DOG de 10 de xaneiro)

Consellería de Traballo: Orde do 30 de decembro de 2005, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2006 e 2007 de programas experimentais en materia de emprego. (DOG de 12 de xaneiro)

Ministerio da Presidencia: Real Decreto 3/2006, de 16 de xaneiro, polo que se regula a composición, competencias e réxime de funcionamento do Foro para a integración social dos inmigrantes. (BOE de 17 de xaneiro)

Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais: Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións do Instituto da Xuventude. (BOE de 26 de xaneiro)

OUTRAS CONVOCATORIAS

III PREMIO XOVE DE INVESTIGACIÓN DA FAMILIA

Convoca: Fundación Acción Familiar.

Obxecto: Os traballos deberán versar sobre a Familia e en relación a algún dos temas recollidos na convocatoria, que son: A) Familia e sociedade; B) Familia e economía.

Contía: 10.000 €. Dous accésit de 2.000 € e 1.000 € cada un.

Prazo: 24 de febreiro de 2006.

Máis información: Fundación Acción Familiar.

www.accionfamiliar.org

AXUDAS A PROXECTOS DE COMPROMISO SOCIAL

Convoca: Fundación Pfizer


Obxecto: Axudas destinadas a fomentar e favorecer o desenvolvemento do traballo de organizacións de carácter social, que mediante a realización de accións, innovadoras e viables contribúan a mellorar a calidade de vida e permitan transmitir o sentido do envellecemento saudable.

Prazo: 15 de febreiro de 2006.

Máis información: Fundación Pfizer

www.fndacionpfizer.org

Subvenciona:



Coa colaboración de:

